

Á Mesa da Comisión 5ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o impulso polo Goberno galego dun mapa social referido ao alcance da desigualdade económica en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo e a demanda que debe realizar ao Goberno central para reducila (doc. núm. 39808).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 6 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

“5. Trasladar ao Goberno do Estado que se derroguen os aspectos máis lesivos da reforma laboral do ano 2012.”

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 27/11/2018 16:55:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2018 16:55:22



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa taxa de reposición de prazas vacantes vixente na actualidade, así como a actuación que debe levar a cabo para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema público de saúde de Galicia (10/PNC-003075, doc. núm. 38452).

Emenda de modificación

Débase substituír o primeiro parágrafo da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en esixencia da eliminación da taxa de reposición.”

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 16:44:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2018 16:44:34



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativada do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003075 (38452)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa taxa de reposición de prazas vacantes vixente na actualidade, así como a actuación que debe levar a cabo para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público de saúde de Galicia.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno español á eliminación da taxa de reposición de efectivos na lei estatal de orzamentos do ano 2019, correspondendo a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas a incluír na oferta anual de emprego público"

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/11/2018 17:48:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/11/2018 17:48:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **39808 (10/PNC-003200)**, sobre o impulso polo Goberno galego dun mapa social referido ao alcance da desigualdade económica en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo e a demanda que debe realizar ao Goberno central para reducila, que figura na orde do día da Comisión 5ª, que se vai celebrar o vindeiro 28 de novembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír o punto 6 polo seguinte texto:

“Demandar do Goberno español a derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 18:26:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 18:26:35

